

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 26 de maio de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día 26 de maio do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32678.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de maio 2023.

2.32679.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP)”.
(Expte. 2023011338)

A Deputación de Pontevedra, conforme ao acordo adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria do día 27 de novembro do 2020, atópase adherida á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

A FEMP, a través do seu Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o Acordo Marco para a subministración de gas natural con varios adxudicatarios e distribuído por lotes xeográficos, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) e uns Pregos de Prescricións Técnicas (PPT). Devandito Acordo Marco adxudicouse para os Lotes 1, 2 e 3, a ENDESA ENERXÍA, S.A.U. e a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. con data de 12 de agosto de 2022, formalizándose os correspondentes Acordos Marco o 14 de setembro de 2022.



Na devandita licitación, a FEMP observou todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo por tanto a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, a “LCSP”).

O Acordo Marco ten unha vixencia de 1 ano, polo que actualmente atópase en vigor, podendo adxudicarse Contratos baseados no devandito Acordo Marco durante a vixencia do mesmo, incluídas as súas prórrogas. En base ao citado Acordo Marco, esta Entidade Local pode subscribir o correspondente Contrato baseado cunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco, que comprenderá a prestación da subministración referida no Acordo Marco nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.

No uso de dita facultade, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2023, aprobou expediente para a contratación da subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra mediante un contrato baseado no Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP (Lote 1: Área xeográfica Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Madrid). O expediente aprobouse cun orzamento base de licitación de 519.574,00 €, valor estimado de 858.800,00 €, e prazo de duración dun ano, coa posibilidade dunha prórroga anual.

No mesmo acordo, o órgano de contratación concedeu un prazo para a presentación de proposicións de 7 días hábiles, contados desde o día seguinte a data do envío do documento de invitación a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, que se produciu o día 3 de maio de 2023.

O procedemento de adxudicación tramitouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de gas natural e os PCA e PPT que rexeron a súa licitación.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, as ofertas presentadas foron as seguintes:

ENDESA ENERXÍA, S.A.U

	TARIFA DE ACCESO					
	TVL1	TVL2	TVL3	TVL4	TV.TB5	TV. TB6
Prezo ofertado €/kWh	0,069012	0,066168	0,064009	0,065599	0,064647	0,057735

GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

	TARIFA DE ACCESO					
	TVL1	TVL2	TVL3	TVL4	TV.TB5	TV. TB6
Prezo ofertado €/kWh	0,062909	0,060061	0,057900	0,059488	0,058536	0,051626

O único criterio de adxudicación utilizado foi o prezo ofertado €/kWh para cada tarifa, segundo o establecido no documento de invitación, tendo en conta para a valoración a oferta por consumos (agrupados por tarifas conforme ao anexo II do documento de invitación).



Realizada a valoración das ofertas conforme ao referido criterio de adxudicación, a presentada pola empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. resultou a economicamente máis vantaxosa.

Tendo en conta que, de conformidade coa cláusula 21.12 do PCA regulador do Acordo Marco, no presente contrato baseado non se esixe garantía definitiva ao tratarse dunha subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pagamento do prezo. As empresas licitadoras tampouco deberán constituír garantía provisional.

Tendo en conta que, conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP, o Contrato baseado no Acordo Marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta Entidade Local. A comunicación da adxudicación realizarase mediante a Plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP, sen prexuízo de que se proceda á notificación e publicación da adxudicación conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP. A Entidade Local deberá incluír na Plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do Contrato baseado.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o “*Contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra*” á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A-61.797.536), adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP, polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

	TARIFA DE ACCESO					
	TVL1	TVL2	TVL3	TVL4	TV.TB5	TV. TB6
Precio ofertado €/kWh	0,062909	0,060061	0,057900	0,059488	0,058536	0,051626

O prazo de duración do contrato baseado é dun ano, que empeza a contar unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a notificación da adxudicación ao contratista, coa posibilidade dunha prórroga anual.

Condición especial de execución:

A adxudicataria deberá prestar de forma gratuíta un servizo de asesoramento sobre a posibilidade de realizar un cambio das actuais instalacións gasistas ou doutro combustible de titularidade da Entidade Local ou ente dependente a gas natural, por motivos vinculados á eficiencia enerxética.



Para atender ás obrigas económicas derivadas do presente contrato prevese o seguinte cadro de financiamento:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE
2023 (6 meses)	Museo	23/333.3330.221.02 (vinculación xurídica)	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	23/332.3322.221.02 (vinculación xurídica)	6.685,25 €
	ORAL	23/932.9320.221.02 (vinculación xurídica)	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.221.02 (vinculación xurídica)	37.026,00 €
2024 (6 meses)	Museo	24/333.3330.221.02	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	24/332.3322.221.02	6.685,25 €
	ORAL	24/932.9320.221.02	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.221.02	37.026,00 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para a anualidade 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

Forma de pagamento: De conformidade coa cláusula 21.6 do PCA

Os contratistas terán dereito ao abono do prezo das Subministracións efectivamente realizadas, presentando as correspondentes facturas, expedidas de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación e na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

O pago das Subministracións efectivamente realizadas efectuarase por períodos mensuais, nos termos definidos no PPT.

O prazo no que se realizará o pago será o establecido no artigo 198.4 da LCSP.

Se as subministracións efectuadas non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables aos contratistas, a Deputación de Pontevedra poderá rexeitar a subministración, quedando exenta da obrigación de pago e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata a data.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

- Museo Provincial:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023011338	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

- Arquivo Provincial:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023011338	
Órgano xestor:	LA0006115	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

- ORAL:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023011338	
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

- Centro Príncipe Felipe:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023011338	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

O responsable do contrato é *María del Carmen Gómez Manzano*, xefa do servizo de Arquitectura.



3.32680.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN, LIMPEZA DE COCIÑA E COMEDOR DO PROGRAMA DEPOAVENTURA 2023”. (Expte. 2023020014)

A Xunta de Goberno na sesión do día 24 de marzo de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2023. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27/03/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de abril de 2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Os Ventos Innovación en Servizos SL (CIF B-70.493.275)
- Serunión SA (CIF A-59.376.574)

Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma ao persoal técnico do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para a súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 21 de abril de 2023 en base o informe de valoración emitido con (CSV) (SBZMOGTLVSODER2G) acorda prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas sendo estas as seguintes:

Criterios mediante xuízos de valor (Máx 43 puntos)	Jardanay SL	Serunión SA	Os Ventos innovación en servizos SL
1.- Calidade dos produtos (Máx 30 puntos)	16,00	5,00	3,00
2.-Plan de control e avaliación continuada da calidade (Máx 10 puntos)	7,00	6,00	3,00
3.- Organización dos medios persoais (Máx 3 puntos)	2,50	2,50	2,00
Total puntuación	25,50	13,50	8,00



Así mesmo no mesmo acto a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas. Procédese polo tanto a apertura da oferta presentada pola empresa Jardanay S.L. ao non acadar as ofertas das empresas Os Ventos innovación en servizos SL e Serunión SA a referida puntuación mínima esixida. Os valores ofertados pola empresa Jardanay SL constan no certificado da Mesa de contratación con (CSV) 1HA4QL9NS9O6TOI0.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre C correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente as puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (csv *KVN3P5Q8VDF4XK5K*) son as seguintes:

Criterios automáticos	Jardanay SL Puntuación sobre C
1.- Prezo total ofertado	2,275
2.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	0,00
3.- Acreditación dun “Sistemas de xestión de seguridade alimentaria”, Certificación ISO 22000 ou equivalente	5,00
4.- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic	2,00
5.- Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.	2,00
Total puntuación sobre C	11,275

Resumen puntuacións totais:

TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 43 puntos</i>)	25,50
TOTAL PUNTUACION C (<i>Ata un máx. de 57 puntos</i>)	11,275
TOTAL B+C	36,775

A vista das puntuacións obtidas a Mesa de contratación en reunión celebrada o día 28/04/2023 acordou:

1.- Propor a exclusión da oferta presentada pola empresa Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275) e Serunión SA (CIF A-59.376.574) ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

2.-Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Jardanay SL	36,775



3.- A vista do exposto acórdase propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2023 a empresa Jardanay SL. (CIF B-15.754.682).

O persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Jardanay SL (CIF B-15.754.682) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4169 . Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a clasificación esixida (Grupo M, Subgrupo 6, categoría d), que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como que a empresa non está incurso en prohibición de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003351 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Jardanay SL (CIF B-15.754.682) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Jardanay SL(CIF B-15.754.682) presentou a documentación incluída a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.067,50 € (carta de pago núm. operación 202300099106).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A exclusión das ofertas presentadas polas empresas Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF:B70.493.275) e Serunión SA (CIF A-59.376.574) ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.



2.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2023 á empresa Jardanay SL(CIF B-15.754.682) polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións:

-Prezo total (para as 11 quendas de campamentos):
 Importe sen IVE.....141.350,00 €
 IVE (10 %)..... 14.135,00 €
 Total155.485,00 €

-Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	<input type="checkbox"/>	X

-Acreditación dun “*Sistemas de xestión de seguridade alimentaria*”, Certificación ISO 22000 ou equivalente:

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición de certificación ISO 2200 Sistemas de xestión de seguridade alimentaria ou equivalente	X	<input type="checkbox"/>

- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o compromiso de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e tipo picnic	X	<input type="checkbox"/>

- Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade de repetir prato nos menús de comida e cea a como mínimo o 20 % dos nenos/as e monitores/as	X	<input type="checkbox"/>

O prazo de duración do contrato establécese desde o 22 de xuño de 2022 ata o 13 de setembro de 2023.

O pagamento do contrato efectuarase unha vez finalizada cada unha das quendas de campamentos tras a presentación da factura correspondente coa conformidade da persoa responsable do contrato.



A factura acompañarase da seguinte documentación:

- Menú de cada un dos días de duración do campamento
- Relación de consumo de produtos alimenticios.(copia dos albarás)
- Informe de avaliación e seguimento no que se inclúan o número de persoas con alerxias, dietas, intolerancias alimentarias etc.
- Cuadrante de persoal onde figure o nome apelidos e categoría profesional
- Informe de incidencias e proposta de solución e melloras
- Fotografías dos menús diarios incluídos os picnic.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de expte.:	2023020014		
Órgano xestor:	.LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a seguinte aplicación orzamentaria

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	22/231.3370.227.99 (vinculación xurídica)	155.485,00 €

A persoa responsable do contrato é a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.32681.- DECLARAR O ABANDONO DA EMPRESA ARTES GRÁFICAS JADFEL, S.L. DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS “SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”. (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.*

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de outubro de 2022, acordou admitir á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servizos de encadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servizos de encadernación e acabado de libros 79971000-1.

O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) con data 14 de novembro de 2022, con efectos desde o 15 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003119 de data 20 de abril de 2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico impresión de 300 exemplares do catálogo da Exposición “CARMEN DOMINGUEZ. COR, SEMPRE COR”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 20 de abril de 2023, a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003190 de data 21 de abril de 2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico impresión de 300 exemplares do catálogo da Exposición “GABARRÓN ATLÁNTICO. RONSEL DE SAUDADE”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 21 de abril de 2023, a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta.



Mediante Resolución Presidencial número 2023003401 de data 26 de abril de 2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico impresión de 300 exemplares do catálogo da Exposición “HABIA OUTRA VEZ”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 27 de abril de 2023, a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003496 de data 28 de abril de 2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico impresión do libro “365 días 365 mulleres”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 2 de maio de 2023, a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003586 de data 03 de maio de 2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico impresión de 1.000 exemplares do libro “*A música represaliada. Unha foliada de memoria*”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 3 de maio de 2023, a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta.

Tendo en conta que a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás cinco últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que “*en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, enténdéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior*”

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 22 de maio de 2023 no que, a modo de conclusión indica que:

“*Tendo en conta que a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non presentou oferta aos cinco últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonou o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra*”.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 €.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír por abandono á empresa *Artes Gráficas Jadfel, S.L.* (NIF: B36891703) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos cinco últimos contratos específicos.



5.32682.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A AD HQR POR “FESTA HQR 2022”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 16/09/2022 (Expte.2022026286)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *AD HQR*, con NIF: G94029048, do *Concello de Pontevedra*, por un importe de 2.077,97€, para a “*Festa HQR 2022*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023030400 con data 05/05/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6.32683.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESCUDERÍA SAN PAIO POR “RALLY MIX DA SIDRA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 16/09/2022 (Expte. 2022047706)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Escudería San Paio*, con NIF: G67729020, do *Concello de A Estrada*, por un importe de 1.691,48€, para o “*1º Rallie Mix da Sidra*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023028537 con data 27/04/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7.32684.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A MARÍN FUTSAL POR “XI TORNEO MARIN FUTSAL ANTONIO SUAREZ” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 16/09/2022 (Expte.2022026389)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Marín Futsal*, con NIF: G36213916, do *Concello de Marín*, por un importe de 1.953,29€, para o “*XI Torneo Marín Futsal Antonio Suarez*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023031940 con data 12/05/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



8.32685.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB SAN MIGUEL DE MARÍN POR “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 29/07/2022 (Expte. 2022032890)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de *Club San Miguel de Marín*, con NIF: G36109148, do *Concello de Marín*, por un importe de 1.228,92€, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Atletismo)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023020067 con data 22/03/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a súa imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9.32686.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB TRIATLON MORRAZO POR “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 29/07/2022 (Expte.2022032332)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de *Club Triatlón Morrazo*, con NIF: G94017290, do *Concello de Moaña*, por un importe de 196,23 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Triatlón)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023028016 con data 25/04/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a súa imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

10.32687.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2023037488, que contén 12 facturas e por un importe de 24.267,68€ e con CSV: SYASUZ6RZFNS1KC7, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 18/05/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	23.750,19 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	517,49 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	24.267,68 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.




11.32688.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE SANXENXO (Expte. 2021025831)

Dada conta que con data de rexistro 28/04/2021 (núm. rex. 2021010519), recibíuse nesta Deputación Provincial instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial presentada por *D^a Rosa M^a. Besada Piñeiro*, por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 14/04/2021, a consecuencia de baldosas levantadas e rotas na beirarrúa da E.P. 9201 Sanxenxo-Bordóns-Samieira, e que foi cuantificada economicamente en 7.559,64€.

Resultando.- Que con data 24/05/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 20/07/2021, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar de Freixeiro en Dorrón, no termo municipal de Sanxenxo está situado dentro do trazado da estrada E.P. 9201 SANXENXO-BORDÓNS-SAMIEIRA que pertence á rede provincial de estradas.





SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación.

Dende o 1 de xaneiro de 2018 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial. Achégase copia dos partes nese período de anos (no ano 2019 non existe ningún).

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	08/12/2018	11:00	alberto	SANXENXO	Centro	
2018	450	Comunicado	08/12/2018	11:05	alberto	Sanxenxo - Bordón - E. Samieira	0.0
		Finalizado	08/12/2018	13:10	alberto	Padín	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas					
		Finalizado	GATO MORTO.				
		Incidencia					
Nº de Parte	Rexistro	19/12/2018	09:14	01128	SANXENXO	Centro	
2018	473	Comunicado	19/12/2018	09:15	01128	Sanxenxo - Bordón - E. Samieira	0.0
		Finalizado	19/12/2018	10:15	05413	Fariña	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas					
		Finalizado	Restos de accidente				
		Incidencia					



Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	09/12/2020	13:26	01128	SANXENXO	Centro
2020	497	Comunicado	09/12/2020	13:23	01128	Sanxenxo - Bordon - E. Samieira
		Finalizado	09/12/2020	14:50	01127	Fariña
		Comunica	OTROS		CELSO VIGILANTE	
		Notas	A brigada en horario laboral normal			
Finalizado		Incidencia	Maleza en carretera por accidente			

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	13/02/2021	14:50	05413	SANXENXO	Centro
2021	164	Comunicado	13/02/2021	14:55	05413	Sanxenxo - Bordon - E. Samieira
		Finalizado	13/02/2021	17:35	01128	Padin
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas				
Finalizado		Incidencia	Limpieza por accidente			
Nº de Parte	Rexistro	17/03/2021	18:54	01128	SANXENXO	Centro
2021	229	Comunicado	17/03/2021	18:54	01128	Sanxenxo - Bordon - E. Samieira
		Finalizado	17/03/2021	23:05	01127	Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas				
Finalizado		Incidencia	MOITA TERRA NA CALZADA (POSIBLEMENTE PROCEDENTE DUN CAMIÓN)			

TERCEIRO.- Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo desde a execución da urbanización onde se construíu este tramo de beirarrúas.



As obras executadas foron adxudicadas á empresa COVSA no ano 2007 en colaboración co Concello de Sanxenxo a través do proxecto: "MELLORA DE TRAZADO E CAPA DE RODADURA NA E.P. 9201 SANXENXO-BORDONS-CTRA. SAMIEIRA [ANUALIDADES 2007 A 2010].



CUARTO.- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración (da Deputación de Pontevedra neste caso), vén determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

O mantemento da beirarrúa no entorno das travesías da estrada provincial facíase de xeito rutineiro a través dos servizos municipais.

A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería por tanto ao Concello.

QUINTO.- Por todo o anteriormente exposto, non existía ningún antecedente que xustificara sinalización por parte deste servizo nesa rúa nas datas sinaladas.

*María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*



Resultando.- Que con data 28/07/2021, solicitouse información ó Concello de Sanxenxo de conformidade co establecido no artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, contestando na data 03/08/2021 o seguinte:

“...Comunicase que debido á reclamación interposta por D^a. Rosa M^a. Besada Piñeiro neste Concello o día 04/06/2021, xa se incoou un procedemento de responsabilidade patrimonial cuxo expediente é o RP.2021.11 con n^o de expediente electrónico 2021004759. A resolución de incoación do mesmo e a súa correspondente notificación son de data 29 de xuño de 2021 e foi recibida pola reclamante o día 2 de xullo de 2021. Agora mesmo o expediente atópase en situación de espera do informe do enxeñeiro técnico municipal para poder proseguir co procedemento”.

Sanxenxo

O alcalde

Telmo Martín González _____

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial n^o RP2021025831, de data 26/10/2021, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por atoparse o expediente naquel intre procedimental pendente da emisión de informe por parte do Concello de Sanxenxo, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 16/11/2021 reiterouse a solicitude de informe ó Concello de Sanxenxo para que remitisen o mesmo á maior urxencia posible, e en todo caso no prazo de cinco días, contestando na data 23/11/2021 o seguinte:

“Remítese copia do oficio de contestación que se enviou a esa Asesoría Xijurídica o día 3 de agosto de 2021, xunto co xustificante do envío do mesmo por SIR o mesmo día ás 10:38 horas, co n^o de rexistro de entrada 3315”.

Xúntase ó mesmo o escrito do Alcalde D. Telmo Martín González que xa obra no expediente.

Resultando.- Que, novamente, na data 14/01/2022 reiterouse do devandito Concello a solicitude de informe, conferíndose un prazo de cinco días para a remisión do mesmo, contestando na data 21/01/2022 o seguinte:

“Dando contestación ao escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo o día 20 de xaneiro de 2022, en referencia ao expediente de responsabilidade patrimonial que se está tramitando neste Concello (...) comunícase que dito expediente aínda se atopa en situación de espera da emisión do informe técnico por parte do Enxeñeiro Técnico municipal, polo que todavía non se pode remitir a documentación que se solicita”.

A Alcaldesa Accidental,

María Deza Martínez _____

Resultando. - Que con data 29/09/2022, comunicóuselle á reclamante D^a. Rosa M^a. Besada Piñeiro, que, tralas reiteradas solicitudes de información realizadas ó Concello de Sanxenxo sen terse remitido o solicitado, a resolución do seu expediente non sería notificada namentres o citado concello non procedera a remitir o solicitado.



Resultando.- Que con data 09/02/2023 reiterouse ó Concello de Sanxenxo a solicitude de informe, pregando a remisión do mesmo á maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo de cinco días, remitindo na data 14/02/2023 oficio ó que xuntan o informe asinado polo enxeñeiro técnico municipal que recolle o seguinte:

“Recibida comunicación por parte da Alcaldía-Presidencia deste Concello solicitando informe sobre a posibilidade de que o Concello de Sanxenxo teña responsabilidade nos danos denunciados e poder resolver a reclamación que se formula, o técnico que subscribe procede a dar cumprida resposta a dita solicitude.

O artigo 81 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia establece no seu apartado 2 o seguinte teor literal:

“Corresponderá a los ayuntamientos la conservación y mantenimiento de todos los elementos que, estando situados en el dominio público viario, no formen parte de la carretera ni de sus elementos funcionales y les sirvan a aquellos para ejercer sus competencias (artículo 33.7 LCG) como, por ejemplo, ajardinamiento, abastecimiento, evacuación y depuración de agua, alumbrado público de las travesías, recogida de residuos y transporte público”.

A beirarrúa onde, presuntamente, se produciu a caída é un elemento funcional (art. 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia) que forma parte do dominio público viario (art. 2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia) da estrada provincial E.P. 9201.

Por todo o exposto, o que subscribe entende que se debe dar traslado do expediente de referencia á Deputación Provincial como organismo titular do dominio público viario onde, presuntamente, se produciu a caída que denuncia a persoa reclamante.

Enxeñeiro Técnico Municipal
José María Troncoso Viñas

Resultando.- Que con data 20/02/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de infraestruturas, ós efectos de que aclarasen os seguintes extremos:

- Se o obstáculo era perceptible a simple vista nun deambular normal.
- Se o mesmo era evitable, existindo mais espazo para pasar.
- Altura aproximada en centímetros das lousas levantadas.

Resultando.- Que con data 19/05/2023, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite informe complementario co seguinte contido literal:

Á vista das fotos que se achegaban co informe inicial (incorporadas neste informe) entendemos que o obstáculo era visible e rebasable.



A altura aproximada das lousas levantadas sería de 2 cm.



María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023002559, de data 28/03/2023, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, a cuantificación económica dos danos reclamados, aportando o informe de alta médica, de terse producido a mesma, así como o informe médico pericial determinante das secuelas, de ser o caso.



Resultando.- Que con data 12/04/2023, D^a. Rosa M^a. Besada Piñeiro remite escrito no que manifesta o seguinte:

“Adjuntamos a la presente contestación:

- 1. Cuantificación económica de los daños reclamados: 100 euros día por 10 días inmovilizada, hace un total de 1.000,00 €.*
- 2. Informe de alta médica (Anexo I)
En el presente informe se detalla las lesiones producidas y la relación de causalidad entre estas y el funcionamiento del servicio público.*
- 3. Informe médico pericial de las secuelas: no hay secuelas.*
- 4. La evaluación económica de la responsabilidad y proposición de prueba concretando los medios de que pretenda valerse la reclamante: Se acompaña informe por denuncia a la Policía Local de Sanxenxo por caída en vía pública donde se detallan los hechos, donde se acompañan fotos, escritos y alegaciones (Anexo II)”.*

Achega xunto con este escrito os seguintes documentos:

- Autorización a favor de D. José Manuel Bouzada Sanmartín para presentar e recoller cantos documentos sexan necesarios para contestar requirimentos da Deputación de Pontevedra.
- Informe de alta de urxencias, de data 14/04/2021.
- Requirimento de documentación efectuada pola Consellería de Sanidade ós efectos de verificar se corresponde ou non á reclamante o gasto asistencial.
- Declaración responsable.
- Informe da Policía Local de Sanxenxo.
- Xustificante de presentación de queixa no Concello de Sanxenxo.
- Contestación efectuada polo citado Concello e acuses de recibo de Correos da recepción da mesma.
- Instancia presentada no Concello de data 04/06/2021.
- Dúas fotografías do lugar da caída.

Resultando.- Que no informe da Policía Local de Sanxenxo, achegado pola reclamante, recóllese o seguinte:

“Que siendo las 11:10 horas del viernes día 16 de abril de 2021, y encontrándome de servizo en compañía del Auxiliar Policial 21/003-A, nos trasladamos al lugar de Freixeiro de la Parroquia de Dorrón del término municipal de Sanxenxo, a la altura del límite con el lugar de Recarei, con motivo de la denuncia interpuesta por D^a. Rosa M^a. Besada Piñeiro, con DNI 76819861E, a consecuencia de una caída sufrida en la vía pública por encontrarse una baldosa de la acera levantada, resultando ésta lesionada en el tórax y la mano izquierda.

Que personados en el citado lugar y realizada la oportuna inspección ocular, se puede observar como efectivamente una de las baldosas de la acera que discurre por el lugar indicado por la Sra. Besada en su escrito, se encuentra suelta, sobresaliendo sobre las otras unos dos centímetros por uno de sus lados, lo cual pudiera dar lugar a un tropezón y posterior caída, por lo cual se debería de subsanar la deficiencia detectada al objeto de evitar un peligro para las personas que transiten por dicha acera.



Que dicha acera, la cual discurre por el margen derecho, tomando el sentido de circulación desde Dorrón hacia Bordóns, se encuentra sita en la vía E.P. 9201, la cual es de titularidad provincial.

Hacer constar que el día y a la hora indicada en que la Sra. Besada manifiesta haber sufrido la caída, las condiciones meteorológicas eran buenas y de día con luz solar”.

Resultando.- Que o Director do Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais emitiu informe na data 06/06/2022, noutro expediente con identidade de razón, que *mutatis mutandis* pode ilustrar o presente:

1. *Efectivamente, non existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas deben ser mantidas polos concellos. Pero tampouco existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas en solo urbano deben ser mantidas polo titular da vía.*
2. *O artigo 6.2 b) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) establece que os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, “respecto das que teñen un carácter secundario”, tales como as beirarrúas, teñen a consideración de elemento funcional.*
3. *Pero en solo urbano, as beirarrúas xa non teñen un “carácter secundario” respecto das estradas. Se trata aquí de rúas polas que transitan máis peóns que vehículos e rúas nas que a as beirarrúas son o espazo público do núcleo de poboación. E esa perda de carácter secundario respecto da estrada, nun espazo público urbano no que os concellos exercen as súas competencias, motiva que sexan os concellos os que exerzan as súas competencias propias a través da conservación e mantemento das beirarrúas. Xa que os concellos, en solo urbano, independentemente doutros elementos urbanos colocados sobre as beirarrúas:*
 - *Instalan as redes de saneamento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
 - *Instalan as redes de abastecemento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
 - *Instalan as redes de alumeadado baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
 - *Requiren outros servizos urbanos baixo a beirarrúa para atender ós veciños do núcleo urbano tales como subministros eléctricos, de telecomunicacións ou de gas. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
 - *Outorgan licencias de vado para paso de vehículos sobre as beirarrúas. Uso que menoscaba a conservación e mantemento da beirarrúa.*
 - *Exercen as labores de policía e do exercicio sancionador respecto dos aparcamentos indebidos ou a instalación de contedores sobre as beirarrúas. Actividades que producen danos e menoscaban a conservación e mantemento das mesmas.*
 - *Realizan a limpeza viaria da superficie da beirarrúa. Actividade que implica en si mesma unha conservación e mantemento das beirarrúas.*



- *Exercen as labores de policía e o exercicio sancionador respecto de situacións que impiden o correcto uso das beirarrúas debido, por exemplo, á invasión do dominio público por vexetación proveniente de predios lindeiros. E moitas veces o control da vexetación dos predios lindeiros é clave, ademais de para permitir o uso das beirarrúas, para a súa correcta conservación e mantemento.*
4. *Efectivamente o art. 33.7 da LEG establece que os concellos conservarán e manterán os elementos que non formen parte dos elementos funcionais das estradas e lles sirvan ós concellos para exercer as súas competencias. Pero a LEG non establece que todos os elementos funcionais das estradas, e máis concretamente as beirarrúas, deban ser conservados e mantidos polo titular da vía.*
- *Independentemente de se a beirarrúa en solo urbano pode considerarse elemento funcional dunha estrada ou non (dada a perda do seu carácter secundario) no art. 2.b) da LEG se determina que o dominio público viario inclúe non só os terreos ocupados polos elementos funcionais, senón tamén as construcións e instalacións existentes neles. É dicir, as canalizacións de saneamento, abastecemento, telefonía ou electricidade están incluídas no dominio público viario. E sendo dominio público, non está en dúbida que a súa conservación e mantemento non compete ó titular da vía.*
 - *O art. 9.2 da LEG establece que a Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle reconece esta lei. E efectivamente dentro dese exercicio de facultades está a explotación das estradas. A cal, definida no art. 33 da LEG, comprende non só a conservación e mantemento do dominio público viario (lembramos o establecido no art. 2.b, sobre que estar incluído no dominio público non implica que a súa conservación e mantemento competa ó titular da vía), senón tamén realizar accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento. E isto último é o que realiza o titular da vía nas beirarrúas cós concellos. Por iso toda actuación do concello respecto das beirarrúas precisa dunha autorización administrativa do titular da vía na que se fíxan uns condicionantes de actuación e de uso.*
5. *Non se está apoñer en dúbida que as beirarrúas formen parte das estradas cando están situadas no seu dominio público viario. E non se está a poñer en dúbida que o concello non teña competencias propias viarias nas estradas doutras administracións.*
- *E o que non se pon en dúbida é que o concello é quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministrados varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)*
 - *En calquera caso, o determinante é que en solo urbano os titulares dos predios colindantes teñen a obriga de realizar cesión urbanística ó concello (art. 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia). Se o vial non é de titularidade do concello, neste caso é o concello o responsable de entregar estes terreos de cesión debidamente urbanizados ó titular da vía. E cando o concello no exerce debidamente esta competencia, é cando o concello subscribe o correspondente convenio de colaboración coa administración titular da vía.*



6. *Por último indicar que na rede viaria da Deputación de Pontevedra, en solo urbano, as beirarrúas non están sendo conservadas nin mantidas polo ente provincial en ningún concello. E que a actuación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se basea, ademais do exposto anteriormente, no informe da Secretaría Xeral de 2 de agosto de 2017 que se reproduce a continuación:*

“En relación coa petición de informe do Director do Servizo de Mobilidade sobre a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, maniféstase o seguinte:

1. *Para analizar o réxime competencial no relativo á conservación das beirarrúas é necesario acudir á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece no seu art. 25 as competencias propias dos concellos, determinando no seu apartado 2.d) que corresponderá ós concellos todo o relativo a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.*

Tendo en conta que este réxime supón que as competencias neste ámbito se distribúen en función da titularidade das estradas, será preciso acudir á Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Nela identifícanse as beirarrúas dentro do dominio público viario como elementos funcionais das estradas (combinación dos art. 2.b) e 6), o cal determinará o seu réxime normativo.

2. *No caso que se nos consulta relativo ás estradas que transitan por núcleos urbanos, hai que ter en conta o disposto tanto no art. 7 (no que se definen os tramos urbanos como “tramo que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano o de núcleo rural”) e o art. 8 no que se describen as travesías urbanas (como “o tramo dunha estrada no que, discorrendo por solo urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación”).*

3. *Segundo o disposto no art. 33.7 da Lei 8/2013, como réxime xeral, corresponderá ós concellos “a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais”. Se ben, contéplase a posibilidade de modificación deste réxime por acordo entre o municipio e a administración titular da estrada. Sen embargo, sendo as beirarrúas un elemento funcional das estradas, o caso que se nos presenta trátase dunha excepción á regra xeral en tanto que, da consideración das travesías como solo urbano (definido no art. 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), derívase a competencia dos municipios en materia de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” tal e como establece o seu art. 12.1.*

Este desprazamento de determinadas competencias en canto ó municipio polo que transcorre a travesía parece confirmarse atendendo ó réxime de autorizacións contido na Lei de Estradas de Galicia, que no caso de obras, instalacións ou actividades na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos dispón que serán outorgadas polo Concello (aínda que con informe vinculante da administración titular da estrada).

Neste mesmo sentido manifestouse o Tribunal de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003 ó establecer que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias” por exemplo, neste réxime de autorización. Esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento dos seus intereses.



4. *Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.*

*Pontevedra, 2 de agosto de 2017
O Secretario*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó retardo na cumprimentación da solicitude de información realizada ó Concello de Sanxenxo.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acaecido. Así, do expediente se desprende o seguinte:

- Segundo o contido no informe da Policía Local de Sanxenxo, a caída tivo lugar de día con luz solar.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que o obstáculo era perfectamente visible e salvable nun deambular normal.
- Segundo relata a reclamante na súa instancia: “*onte pola tarde, arredor das 20 horas, saín a camiñar como fago de costume pola zona de Dorrón*”, polo que todo parece indicar que a reclamante coñecía a zona e transitaba habitualmente polo lugar.
- Segundo o manifestado no informe de Infraestruturas de data 20/07/2021, dende o 01/01/2018 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.
- Á vista das fotografías entendemos que o obstáculo era visible e rebasable.
- A altura aproximada das lousas levantadas sería de 2 cm.
- Recóllese ademais no citado informe que a conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, vén determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Asemade, maniféstase en dito informe que o mantemento da beirarrúa no entorno das travesías da estrada provincial facíase de xeito rutineiro a través dos servizos municipais.
- A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas nese tramo correspondería por tanto ó Concello.
- Por todo o exposto, non existía ningún antecedente que xustificara sinalización ningunha.



- É o concello quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministrados varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)
- Neste sentido manifestouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003, ó establecer *que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias”*, por exemplo, neste réxime de autorización (esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento das súas obrigas e na satisfacción dos intereses xerais que lle están encomendados).
- Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorprendente para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de



la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”

- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma, de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o *Concello de Sanxenxo* non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.



Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

12.32689.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2022074740)

Dada conta que con data 15/12/2022 (núm. rex. WEB2022063500), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. *Clementina Fernández Peón*, por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 03/09/2021, á altura do nº 121 da Rúa García Barbón, producida, a consecuencia, segundo manifesta, dunha táboas mal colocadas durante a execución das obras de humanización da citada rúa, e que foi cuantificada economicamente en 42.967,09 €.

Resultando.- Que a interesada relata no feito segundo da súa instancia que a Policía Local de Vigo instruíu informe por mor da caída, polo que con data 21/12/2022, solicitouse o mesmo, sen obterse resposta.



Resultando.- Que con data 27/01/2023, ante a ausencia de resposta da Policía Nacional de Vigo, solicitouse á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, que cursase as ordes oportunas para que por quen correspondera se remitira á maior brevidade o solicitado, a fin de continuar coa instrución do expediente e adoptar en prazo a resolución procedente, contestando o Gabinete Técnico da Comisaría Local de Vigo-Redondela, mediante correo electrónico de data 13/02/2023, o seguinte:

En contestación a su escrito (...) se comunica que el día 3 de septiembre de 2021 a las 9:30 horas el indicativo Zeta-23-M fue comisionado a la Avenida García Barbón nº 123, donde una persona se había caído al tropezar con una rampa de madera y al aprecer tenía la muñeca fracturada. Se comisionó una ambulancia al lugar, personándose la ambulancia con indicativo 0570, la cual procede a atender a la persona, siendo esta Clementina Fernández León.

Finalmente se traslada a dicha persona al hospital Álvaro Cunqueiro para su valoración.

Se comunica que en los archivos de comisaría no obra ninguna información más relativa a este suceso, ya que es un servicio de carácter humanitario.

El Comisario

Jefe de la Comisaría Local de Vigo-Redondela

Ramiro José Gómez García

Resultando.- Que con data 14/02/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 08/03/2023, co seguinte contido:

A vía na que se produce a caída non pertence á Rede de estradas da Deputación Provincial nin se atopa dentro da súa zona de influencia.

As obras a realizar en dita estrada non estaban promovidas pola Deputación Provincial.

Dita vía, Rúa García Barbón, é un vial de titularidade local, sendo competencia do Concello de Vigo.

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumpřimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

13.32690.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO QUE REXERÁ A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE FEFIÑÁNS”, INCLUIDO NO PLAN CONCELLOS 2021, DO CONCELLO DE CAMBADOS (Expte.2021014422)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 que foron publicadas no BOPPO núm. 1, do 04/01/2021.

En data 23/07/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm.35.30624, concedeuse ao Concello de Cambados, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 233.231,06 €, con destino ao financiamento do investimento *“Renovación urbana da praza de Fefiñáns”* (Expte.:2021014422), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 09/09/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno núm.4.32080, autorízase o cambio de proxecto do investimento mencionado no parágrafo anterior.

En data 22/02/2023, con rexistro núm.WEB2023010668, o *Concello de Cambados* remite escrito no que se solicita un novo cambio de proxecto.

O novo cambio de proxecto ven motivado pola necesidade de adaptalo ás determinacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nos termos do Convenio de Colaboración entre a entidade municipal e o Arcebispo de Santiago de Compostela de data 09/12/2022.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación, de data 18/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación da mesma data e visto o informe da intervención provincial, de data 19/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico que rexerá a execución do investimento “*Reurbanización urbana da praza de Fefiñáns*” (Expte.:2021014422), incluído no Plan Concellos 2021.
- O novo proxecto non modifica a tipoloxía da actuación nin implica variación no importe do orzamento.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de conformidade co acordo plenario núm. 4.7875, de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), o investimento de referencia debe estar executado a 30/09/2023 e xustificado na súa totalidade a 31/10/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.32691.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 9.31535 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/04/2022, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023-LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CARREIRAS (PONTECESURES)”, (Expte.2022011528)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 01/04/2022 mediante Acordo nº 9.31535 da Xunta de Goberno provincial concedeuse ao concello de Pontecesures, polo procedemento de concorrencia non competitiva a subvención polo importe que se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	72.027,66 €	72.027,66 €	-----

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023031540 e número de expediente para contratos de seguridade e saúde: 2023033773.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

20.32697.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023, CORRESPONDENTE AO LOTE 6-ZONA F3 (Expte.2023031541)

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na súa sesión de data 27/11/2020 aprobou o expediente de contratación para a conclusión mediante procedemento aberto do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. No mesmo acto aprobouse o prego de cláusulas económico-administrativas e o prego de prescricións técnicas o que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 26/03/2021 acordou adxudicar o LOTE6- ZONA F, do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. de 689.072,94 € que ofertou unha porcentaxe de baixa do 15,189 %.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 25/03/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 31/03/2023 acordou aprobar a primeira prórroga do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que con data 01/05/2023 a xefatura do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emiten informe proposta, que conta co visto e prace do deputado delegado, solicitando a tramitación do contrato derivado “*Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*” Lote 6- Zona F3. Xunta memoria valorada par ao presente contrato derivado cun código CSV: ALNRMQ7VZFTQYR3L, por un importe de 688.565,73 € unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista.

Resultando.- Que con data 15/05/2023 a Intervención emitiu informe favorable de fiscalización.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación , máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato derivado do “*Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*. Lote 6- Zona F3” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK mais a memoria valorada á que se lle asignou un código CSV: ALNRMQ7VZFTQYR3L.
2. Dispoñer o gasto por importe de 688.565,73 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do presuposto de gasto cód nº 2020022322/6 .
3. Adxudicar o contrato derivado do “*Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*. Lote 6- Zona F3”, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.(A36008886), por importe de 688.565,73 € IVE incluído.



O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

4. Nomear responsable do contrato ó Enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, *Dna.M^a Elena Pérez Alonso*.
5. Requirir á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 28.453,13 €.
6. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM do “*Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación*” (Expte.2020014145), por un importe de 4.404,50 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.640,08 €
IVE (21%)	764,42 €
Importe Total.....	4.404,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023031541 e número de expediente para contratos de seguridade e saúde: 2023033776.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



21.32698.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.
 (Expte.2020029219)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de febreiro do 2021, adxudicou o contrato de *Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Administración Electrónica para as entidades locais da provincia de Pontevedra*, á empresa *Espublico Servicios para la Administración, S.A.* (CIF: A-50.878.842) polos seguintes prezos e valores ofertados:

Rango de poboación (nº habitantes)	Prezo unitario anual sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario anual co IVE	Unidades estimadas
De 501 a 1.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	1
De 1.001 a 1.500	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	1
De 1.501 a 2.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	2
De 2.001 a 3.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	8
De 3.001 a 5.000	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €	11
De 5.001 a 7.500	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €	9
De 7.501 a 10.000	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €	5
De 10.001 a 15.000	11.570,25 €	2.429,75 €	14.000,00 €	6
De 15.001 a 20.000	14.876,03 €	3.123,97 €	18.000,00 €	6
De 20.001 a 30.000	18.181,82 €	3.818,18 €	22.000,00 €	5
Mancomunidades locais	2.479,34 €	520,66 €	3.000,00 €	4
Entidades locais menores	1.446,28 €	303,72 €	1.750,00 €	6

A devandita contratación realizouse no marco do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “*Servizo de administración electrónica para concellos*”, polo que tivo en conta as entidades que nese momento estaban acollidas ou mostraron o seu interese en beneficiarse do servizo.

Ademais de ditas entidades, no contrato preveuse a existencia doutras tres que, en atención a súa poboación, poderían acollerse ao mesmo no futuro mediante a subscrición, no seu caso, do oportuno convenio (Ribadumia, Vilanova de Arousa e Nigrán).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 11 de marzo de 2021, establecendo un prazo de duración dun ano, a contar desde a súa formalización, e a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Na actualidade, atópase vixente ata o 10 de marzo do 2024, ao abeiro da segunda prórroga aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno, do día 24 de novembro do 2022, que foi rectificado con data 9 de decembro do 2022.



Visto que, con data 2 de abril de 2023, o *Concello de Nigrán* solicitou á Deputación de Pontevedra a adhesión ao Convenio para dispor do sistema de xestión de expedientes municipais co provedor “Gestiona-EsPublico”.

En resposta a dita petición, mediante Resolución Presidencial número 2023003677, de data 8 de maio do 2023, aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica (exp. 2023031550).

En base ao exposto, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, co visto e praxe da deputada delegada, emite informe de data 8 de maio do 2023, no que propón a modificación prevista na cláusula 18 do prego económico-administrativo, para a inclusión do Concello de Nigrán ao referido contrato. O orzamento para dita modificación estímase en 13.993,15 € (11.564,59 €, mais 2.428,56 € correspondentes ao IVE) para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2023 e o 10 de marzo de 2024, que dependerá da data efectiva de inicio da implantación do servizo.

De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de data 12 de maio do 2023, que conclúe o seguinte:

“Visto o informe do responsable do contrato, e tendo en conta que, mediante Resolución Presidencial do día 8 de maio do 2023, aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, considérase procedente a inclusión do Concello de Nigrán no contrato suscrito coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A., co fin de darlle acceso ao sistema de xestión de expedientes municipais “Gestiona-EsPublico”.

Ao efecto, deberá tramitarse, no seu caso, a oportuna modificación, nos termos e cos límites previstos na citada cláusula 18 do prego administrativo, dando audiencia ao contratista e recadando os preceptivos informes do Secretario e do Interventor. Logo, o órgano de contratación resolverá.”

Tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Tendo en conta o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.



Tendo en conta o artigo 204 da LCSP, que regula as modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares nos seguintes termos:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertirase expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.*
- b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que baxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.*

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 18 do prego económico-administrativo regulador do presente contrato previu a posibilidade de modificación, establecendo o alcance, límites e natureza nos seguintes termos:

“MODIFICACIÓN DO CONTRATO POR RESULTAR QUE AS NECESIDADES REAIS SON MAIORES DAS ESTIMADAS.

Se durante a vixencia do contrato, se dera a circunstancia de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, poderá tramitarse a correspondente modificación, nos termos previstos no artigo 204 LCSP.

A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

O contrato poderá modificarse durante a súa vixencia nos seguintes termos:

Alcance, límites e natureza da modificación:

A presente contratación realízase no marco do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”, polo que tivo en conta as entidades que na actualidade están acollidas ou mostraron o seu interese en beneficiarse deste servizo. Ademais de ditas entidades, existen outras tres na provincia que, en atención a súa poboación, poderían acollerse ao mesmo mediante a subscripción, no seu caso, do oportuno convenio.



Ditas entidades locais son as seguintes:

<i>Entidade local</i>	<i>Rango de poboación (nº habitantes)</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>De 5.001 a 7.500</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>De 10.001 a 15.000</i>
<i>Nigrán</i>	<i>De 15.001 a 20.000</i>

No caso de que algunha de ditas entidades decidirá, durante a vixencia deste contrato, subscribir o referido convenio, procederíase a realizar a correspondente modificación no contrato, aplicándolle os prezos procedentes en función do rango de poboación e a baixada ofertada pola empresa adxudicataria.

A modificación/s realizadas ao amparo desta cláusula non poderán supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, nin superar, illada ou conxuntamente, o límite máximo do vinte por cento do prezo inicial do contrato. En ningún caso poderán alterar a natureza global do contrato inicial. A estes efectos, entenderase que se altera esta se se substitúen os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algún servizo puntual.

A modificación acordarase polo órgano de contratación, a proposta do/a responsable do contrato, dando audiencia á persoa contratista para que, no prazo de 3 días naturais, formule as consideracións que teña por convinte. O acordo, que deberá ser adoptado previo informe da Secretaría Xeral, porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo.

A modificación deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.”

Tendo en conta que, en canto ao procedemento, conforme os artigos 191 e 207 da LCSP, a cláusula 18 do prego sinala que a modificación acordarase polo órgano de contratación, a proposta do/a responsable do contrato, dando audiencia á persoa contratista para que, no prazo de 3 días naturais, formule as consideracións que teña por convinte. O acordo, que deberá ser adoptado previo informe da Secretaría Xeral, porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo. A modificación deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Tendo en conta o artigo 109.3 LCSP, segundo o cal a empresa *EsPublico Servicios para la Administración, S.A.* deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Visto que con data 10 de maio do 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número de operación 202300095870, polo importe de 10.500,00 €, no que certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/926.9260.22706 do vixente orzamento provincial. Asemade, emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202300095873, polo importe de 3.493,15 €.

Visto que, mediante Resolución Presidencial número 2023003861, de data 12 de maio do 2023, acordouse iniciar procedemento para a modificación do contrato, concedendo audiencia á empresa *EsPublico Servicios para la Administración, S.A.* para que, no prazo de tres días naturais, presentasen as alegacións, documentos e xustificacións que estimen pertinentes.



Visto que, no trámite de audiencia concedido, a empresa *EsPublico Servicios para la Administración, S.A.* mediante escrito de data 15 de maio do 2023, manifesta a súa conformidade coa modificación proposta (Rexistro entrada WEB2023032227, do 15 de maio do 2023).

Tendo en conta que, con data 22 de maio do 2023, a Secretaría Xeral mostra a súa conformidade ao informe sobre a modificación do contrato emitido polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 12 de maio do 2023.

Tendo en conta que, con data 23 de maio do 2023, a Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da modificación do contrato para a inclusión do *Concello de Nigrán* no mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que teñan un valor estimado que supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o contrato de *Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Administración Electrónica para as entidades locais da provincia de Pontevedra*, subscrito coa empresa *EsPublico Servicios para la Administración, S.A.* (CIF: A-50.878.842), nos seguintes termos:

Engadir no contrato ao *Concello de Nigrán*, desde o 1 de xuño do 2023, ou desde a data de formalización da modificación, no caso de que sexa posterior, ata o 10 de marzo do 2024, data na que finaliza a última prórroga do contrato, ao que se aplicarán os prezos e valores ofertados en función da súa poboación, que son os seguintes:

Rango de poboación (nº habitantes)	Prezo unitario anual sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario anual co IVE	Unidades estimadas
De 15.001 a 20.000	14.876,03 €	3.123,97 €	18.000,00 €	6 +1

A modificación implica un incremento no orzamento base de licitación de 13.993,15 euros (IVE incluído), pasando ao seguinte:

Orzamento base de licitación sen IVE:	489.663,76 €
IVE (21%):	102.829,39 €
Orzamento base de licitación:	592.493,15 €

Non en tanto, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos unitarios ofertados.



2. Autorizar o gasto para esta modificación contractual polo importe máximo de 13.993,15 €, dos cales 10.500,00 € financiaranse con cargo á aplicación 23/926.9260.22706 do vixente orzamento provincial.

Respecto ao gasto da anualidade 2024 (3.493,15 €) contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 24/926.9260.22706, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

3. Requirir á empresa *EsPublico Servicios para la Administración, S.A.* para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa do importe de 23.904,96€ ao importe de 24.483,19€, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

22.32699.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023- LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO MODIFICADO REFORMA DE EDIFICIO PARA CENTRO CÍVICO”, (Expte.20230036823)

ANTECEDENTES

- No marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023-Liña 1, o concello de Ponteareas, formalmente e en prazo, solicitou unha subvención, por importe de 145.846,01 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a execución da proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 Concello de Ponteareas*” (Ref: 2023005913).
- Resultando que a realización do proxecto de referencia, de momento, non é posible ao non ostentar a entidade municipal a plena posesión e disposición real dalgúns dos terreos necesarios para executar o contrato de obras. Ao no cumprirse un dos requisitos recollidos na base 12ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, relativo á disposición dun título que acredite a titularidade ou cesión de uso indefinido, o concello convén desistir formalmente da solicitude de subvención.
- Así mesmo, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023-Liña 1, mediante acordo da xunta de goberno núm. 2.32299, de 24/11/2022, concedéuselle ao Concello de Ponteareas, CIF: P-3604200J, unha subvención, por importe de 243.530,60 €, co obxecto do financiamento da obra “*Reforma do edificio N° 39 da praza maior en Ponteareas para centro cívico*” (Ref: 2022066810), en base a un orzamento que ascendía a 1.034.815,71€. Deste modo, o financiamento do investimento distribuíase do modo seguinte:

COFINANCIADORES	Subvención
Deputación (Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023)	243.530,60€
Concello (Fondos propios)	158.257,02€
Fondos EDUSI	633.028,09€
	1.034.815,71 €



- A obra a executar, que pretende a rehabilitación dunha edificación existente para usos sociais e culturais, realízase sobre un inmovible que forma parte do patrimonio cultural de Galicia e, por iso, a Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia autorizou a obra pero impondo unha serie de condicionamentos a fin de que a intervención fose, en todo momento, respectuosa co ben catalogado. Así mesmo, dado o uso final que se lle pretende dar ao inmovible, resulta necesario cumprir coa normativa galega e as recomendacións de COGAMI en materia de accesibilidade universal.

Todo isto, unido ao mal estado da edificación, deu lugar á redacción dun novo proxecto onde se recollen unha toda unha serie de cambios, pois o primixenio na súa redacción orixinal non da unha resposta adecuada á finalidade pretendida e, polo tanto, non está encamiñado á consecución do interese xeral.

- En data 16/05/2023, mediante rexistro WEB2023032462, o concello de Pontearreas achega o decreto núm. 2023-1119, da mesma data, *mediante o que desiste* da subvención concedida co obxecto do financiamento da obra “*Reforma do edificio N° 39 da praza maior en Pontearreas para centro cívico*” (Ref: 2022066810).
- En data 22/05/2023, mediante RP núm.2023004033 acéptase a desistencia do concello de Pontearreas co obxecto do financiamento da obra “*Reforma do edificio N° 39 da praza maior en Pontearreas para centro cívico*” (Ref: 2022066810), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 243.530,60 €.
- Así mesmo, en data 15/05/2023, mediante decreto núm. 2023-1123, a entidade municipal solicita, formalmente, que os créditos destinados, inicialmente, ao financiamento das obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 Concello de Pontearreas*” (Ref: 2023005913) e “*Reforma do edificio N° 39 da praza maior en Pontearreas para centro cívico*” (Ref: 2022066810), que conxuntamente importan 386.214,81 € se apliquen a financiar a obra “*Proxecto modificado reforma do edificio para centro cívico*” (Ref: 2023036823).

O novo documento técnico con respecto ao proxecto inicial non cambia a natureza do contrato, pero redefine, varia, adapta unidades de obra e modifica a distribución do financiamento entre as administracións cofinanciadoras, que quedaría como segue:

COFINANCIADORES	Subvención
Deputación (Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023)	386.214,81€
Concello (Fondos propios)/FONDOS EDUSI	802.896,77€
	1.189.111,58 €

- A nova petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN:

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 24/05/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, unha subvención por importe de 386.214,81€ con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto modificado reforma de edificio para centro cívico*” (Exp.2023036823), en base a un orzamento de licitación que ascende a 1.189.111,58€, quedando configurado o financiamento da obra referida tal e como segue:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	1.189.111,58 €	386.214,81 €	802.896,77 €

- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento, incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



23.32700.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa pola Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra:

SENTENZAS FAVORABLES

Penal:

- 1) *Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Ponteareas, ditada nos autos de Dilixencias Urxentes de Xuízo Rápido núm. 47/23 seguidos contra Bruno Claro González, por danos na E.P. 5005 no termo municipal de A Cañiza. (Expte. nº 2023014696)*

Dada conta que con data 16 de maio 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Ponteareas (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 47/23 seguidos contra *Bruno Claro González*, por danos causados na bionda metálica de protección no P.K.4,5, na E.P.5005, accidente ocorrido o día 29/1/23, no termo municipal de Baiona, na que se condena ó acusado como autor responsable dun delito contra a seguridade vial por condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal á pena de catro meses de multa a razón de 6 euros ao día (total 720 euros) e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo de oito meses e dous días, na que se condena ó acusado a indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 358,48 € polos danos causados e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

SENTENZAS DESFAVORABLES

Infraestruturas:

- 2) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 145/22, promovido por Olga Fernández Juncal, sobre construción de peche na E.P. 1104 Moaña-Coiro no termo municipal de Cangas do Morrazo. (Expte. nº 2022039782)*

Dada conta que con data 22 de maio de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 101/23 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 145/22 promovidos por *Olga Fernández Juncal*, contra a resolución presidencial de data 15/3/22, mediante a cal se desestimaron as alegacións da recorrente, respecto a construción dun cerramento non diáfano e dun acceso rodado na zona de influencia da E.P. 1104 Moaña-Coiro, P.K. 3+145 marxe esquerda da estrada) na que se estima a demanda deixando sen efecto a orde de demolición acordada e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



24.32701.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

